

BANDO INFORMATIVO

ÁBRESE O PRAZO DE SOLICITUDE PARA A PRESTACION ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLOS E FILLAS MENORES DE TRES ANOS

Orde do 26 de marzo de 2013 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2013.(DOG nº 62 do 1/4/2013)

CONTIDO:

Consiste na prestación de unha axuda de pagamento único e directo destinada a paliar os gastos dos primeiros anos de crianza dun fillo ou dunha filla.

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Persoas que teñan ao seu **cargo fillos ou fillas menores de 3 anos na data de 1 de xaneiro de 2013 (nados entre o 2-01-2010 e o 1-01-2013, incluídos)**. No caso de fillos/as adoptados ou acollidos, a prestación poderase conceder durante os tres anos posteriores á data da inscrición no Rexistro Civil ou a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio, o pai/nai que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou senteza de separación ou divorcio.
- Os estranxeiros que residan en Galicia, sempre que cumpran as condicións da Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (BOE número 10, do 12/01/2000) e que tiveran a condición de contribuíntes para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas.
- *Quedan excluídos* os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos ou aqueles que teñan fillos e fillas cuxa tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

REQUISITOS

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual na Comunidade Autónoma galega.
- Que na data da solicitude os nenos convivan coa persoa solicitante.
- Que **por razón dos ingresos obtidos durante o 2011, nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración do IRPF correspondente a ese período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.**

CUANTIA DA AXUDA

Pagamento único de **360 € por cada fillo ou filla** menores que a persoa solicitante teña ao seu cargo.

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

- **Por vía escrita** : No Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oroso .Teléfono CITA PREVIA: 981688950
- **Por vía telemática**: <https://sede.xunta.es>

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Ata o 11 de maio de 2013

O que se fai público para xeral coñecemento en Oroso a 2 de abril de 2013

O ALCALDE – PRESIDENTE,
Asdo.: Manuel Mirás Franqueira